

24 de xuño de 2019

OBSERVACIÓNS PARA O INICIO DO CURSO 2019/2020

O **horario de clases** para o vindeiro curso, nas etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, será o seguinte:

EDUCACIÓN SECUNDARIA (Todo o curso)	
DE LUNS A VENRES	Mañás: 8:30 h a 14:00 h
Comedor	14:00 h a 15:45 h
MARTES	Tardes: 15:45 h a 17:25 h (Resto dos días reforzo educativo voluntario)
Activ. extraesc.	17:30 h a 18:30 h (De outubro a maio)

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (Todo o curso)	
Servizo de madrugadores	7:30 h a 9:00 h
De luns a venres (HORARIO ESCOLAR)	Mañás: 9:00 h a 14:00 h
Comedor	14:00 h a 15:45 h
Obradoiros voluntarios	15:45 h a 17:30 h (De outubro a maio)
Actividades extraescolares (ANPA)	17:30 h a 18:30 h (De outubro a maio)

Na presente circular adxuntamos a lista e as editoriais dos libros que deberá traer o voso fillo/a o primeiro día de clase.

Os días que poderedes vir recoller os libros, material escolar e deportivo, **independentemente do curso no que estades, serán: luns 9, martes 10 e xoves 12 de setembro, en horario de 16:00 h a 18:00 h.**

REUNIÓN PREVIAS COS PAIS/NAIS/ TITORES, ANTES DE COMEZAR O CURSO

Ao comezo de cada etapa educativa (Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria), queremos ter unha breve reunión cos pais/nais/titores dos alumnos/as que inician a etapa, para explicarnos os cambios máis importantes, antes de que se inicien as clases. Ditas reunións serán os seguintes días:

- ✓ **Educación Infantil 3 anos: Luns, día 9 de setembro ás 16:00 h, na clase.**
(Recomendamos que non traian aos nenos/as).
- ✓ **Educación Primaria 1º E.P: Luns, día 9 de setembro ás 17:00 h, na clase.**
(Recomendamos que non traian aos nenos/as).
- ✓ **Educación Secundaria 1º ESO: Xoves, día 12 de setembro ás 16:00 h, na clase.**

➤ INICIO DO CURSO para EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

O mércores 11 de setembro, de 9:00 h a 14:00 h e ata final de curso, o horario será o mesmo.

- O comedor escolar empezará o mércores 11 de setembro e o servizo de madrugadores o xoves 12 de setembro.

*Para calquera dúbida consulten en portería.

➤ INICIO DO CURSO para EDUCACIÓN SECUNDARIA. O luns 16 de setembro, de 8:30 h a 14:00 h, ata final de curso, o horario será o mesmo. Tardes dos martes, de 15:45 h a 17:25 h.

Co comezo do curso informaremosvos do horario das diferentes actividades extraescolares que se iniciarán no mes de outubro. Ata daquela, recibide un agarimoso saúdo e o desexo de que pasedes, xunto cos vosos fillos/as, unhas felices vacacións.